

## ADMINISTRACIÓN LOCAL

### MUNICIPAL

#### A CORUÑA

##### Xustiza Social e Coidados

*Ordenanza municipal reguladora da Renda Social Municipal*

#### ANUNCIO

O Excmo. Concello Pleno, en sesión extraordinaria celebrada o día 12 de agosto de 2016, acordou resolver as alegacións presentadas ao texto da ordenanza reguladora da renda social municipal aprobada inicialmente, e aprobar definitivamente a ordenanza reguladora da renda social municipal cuxo texto íntegro é o que a continuación se inserta.

#### ORDENANZA MUNICIPAL REGULADORA DA RENDA SOCIAL MUNICIPAL

##### EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

I.

A teor dos últimos datos estatísticos, preto do 25% dos fogares da Coruña viven hoxe baixo o limiar da pobreza, logo de que esta porcentaxe medrase un 51,47% na cidade entre 2011 e 2013, o maior incremento rexistrado no período nas urbes galegas.

A xestión da crise económica e as políticas antisociais e de austeridade están a agravar as condicións daqueles segmentos da cidadanía en situación ou risco de pobreza e exclusión social, ao tempo que aceleran a emerxencia de novas bolsas de precariedade, como a dos traballadores e as traballadoras pobres, nun contexto de crecente desigualdade. Unha realidade diante da que as institucións, a comezar pola máis próxima á cidadanía, non poden permanecer indiferentes.

É preciso, dende o ámbito municipal, articular as medidas necesarias e poñer a disposición os recursos correspondentes para combater, non só a pobreza, senón o horizonte que se anticipa: unha sociedade cada vez máis desigual, onde as persoas que menos teñen padecen, ademais, as maiores dificultades para mellorar.

É nesta liña que se enmarca a presente ordenanza, que permitirá poñer en marcha na cidade da Coruña a Renda Social Municipal, á que se dedican, para os seus primeiros meses en vigor, os 2,1 millóns de euros consignados nos Orzamentos de 2016.

II.

A Lei 13/2008, de 3 de decembro, de servizos sociais de Galicia, aspira a regular o que o propio artigo 1 da Lei cualifica de “sistema galego de benestar”, que pivota sobre a encomenda constitucional aos poderes públicos de promover as condicións para que a liberdade e a igualdade do individuo e dos grupos en que se integra sexan reais e efectivas (artigo 9.2 CE de 1978). De aí que se sinale que “mediante a presente lei os poderes públicos galegos garanten como dereito recoñecible e esixible o dereito de todas as persoas aos servizos sociais que lles correspondan en función da valoración obxectiva das súas necesidades, co fin de posibilitar que a súa liberdade e igualdade sexan reais e efectivas, removendo os obstáculos que impiden ou dificultan a súa plenitude e facilitando a participación de todas e todos na vida política, económica, cultural e social”; e enténdense por servizos sociais “...o conxunto coordinado de prestacións, programas e equipamentos destinados a garantir a igualdade de oportunidades no acceso á calidade de vida e á participación social de toda a poboación galega” (artigo 2), mediante “intervencións que permitan o logro dos obxectivos” expresados no artigo 3 da lei, entre os que figura expresamente o seguinte: “a) Facilitarlles alternativas, recursos e itinerarios de integración social a aquelas persoas que se encontren en situación ou en risco de exclusión social”.

Ao abeiro das modificacións introducidas na Lei 13/2008 pola Lei 6/2016, de 4 de maio, da economía social de Galicia, o Decreto 61/2016, do 11 de febreiro, polo que se define a Carteira de servizos sociais de inclusión, crea na carteira de servizos sociais, xunto á área de servizos, a área de prestacións económicas (artigo 4), na que, ás xa existentes renda de inclusión social de Galicia (RISGA) e axudas de inclusión social (AIS), se engaden as “prestacións económicas destinadas a paliar situacións de necesidade social”.

Neste marco legal, créase a renda social municipal, inserida con naturalidade no sistema galego de servizos sociais, como “atención das situacións individuais ... e a consecvente intervención”, segundo se recolle no artigo 11.1.d da Lei 13/2008, e dirixida á cobertura de necesidades básicas, entre as que se contemplan as relacionadas coa alimentación diaria, o vestiario e os coidados básicos persoais e da vivenda, os gastos de aloxamento ou alugueiro, as cotas de préstamo hipotecario ou o pago de habitación.

Articulada como unha prestación económica orientada a paliar situacións transitorias de necesidade e garantir mínimos de subsistencia (artigo 21 da Lei 13/2008), a renda social municipal concíbese como unha medida de apoio a procesos de inclusión. Por iso o seu recoñecemento está vinculado ao establecemento de itinerarios de inclusión activa orientados ao logro da mellora persoal e social das persoas beneficiarias e a súa unidade de convivencia, así como á mellora da súa autonomía, participación e integración normalizada no seu medio social.

A regulación contida nesta ordenanza é, polo demais, respectuosa coas determinacións contidas noutras normas estatais e autonómicas coas que existen indubidables conexións.

É o caso, por unha banda, da Lei 10/2013, de 27 de novembro, de inclusión social de Galicia, que foi considerada na valoración técnica da situación ou risco de exclusión social, en canto á verificación da ausencia ou déficit grave de recursos económicos ou a situación de desemprego (artigo 3.1), así como na regulación do réxime de incompatibilidades entre a renda social municipal e a renda de inclusión social de Galicia.

Por outra banda, a presente ordenanza recolle os principios reitores recollidos no artigo 6 da Lei 3/2011, de 30 de xuño, de apoio á familia e convivencia de Galicia, enumerados como principios de liberdade, de igualdade e de responsabilidade pública, e concretado este último no mandato de lles dispensar especial atención ás familias con dificultades derivadas da súa estrutura ou das súas circunstancias, e daquelas que estean en situación de especial vulnerabilidade ou en risco de exclusión social.

Finalmente, o carácter asistencial da renda social municipal supón, dunha banda, a aplicación a ela das determinacións legais que recoñecen o seu carácter inembargable (artigo 4.1. do Real Decreto-Lei 9/2015, de 10 de xullo, de medidas urxentes para reducir a carga tributaria soportada polos contribuíntes do IRPF e outras medidas de carácter económico), e a inaplicación da normativa de subvencións (artigos 2.4 da Lei 38/2003, de 17 de novembro, xeral de subvencións, e artigo 2.2 da Lei 9/2007, de 13 de xuño, de subvencións de Galicia).

### III.

A presente ordenanza apróbbase ao abeiro do artigo 25.2.e) da Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases do réxime local, que lle atribúe ao municipio, como competencia propia nos termos da lexislación do Estado e das comunidades Autónomas, a atención inmediata a persoas en situación ou risco de exclusión social. Inmediatez que debe ser comprendida en dous sentidos: en primeiro lugar, inmediatez como a atención dispensada pola Administración máis próxima á persoa interesada, na liña de descentralización e proximidade que se proclama na propia Lei 13/2008 respecto dos principios xerais dos servizos sociais (artigo 4), co espírito da Carta Europea de Autonomía Local, na que, tras definir “autonomía local” como “o dereito e a capacidade efectiva das entidades locais de ordenar e xestionar unha parte importante dos asuntos públicos, no marco da lei, baixo a súa propia responsabilidade e en beneficio dos seus habitantes” (art. 3.1), afirma que “O exercicio das competencias públicas debe, de modo xeral, incumbir preferentemente ás autoridades máis próximas á cidadanía” (art.4.3); en segundo lugar, inmediatez no sentido de atención dispensada sen tardanza, porque atende a situacións que deben ser afrontadas sen dilación, nos mesmos termos cos que a Lei 13/2008 invoca as “axudas de emerxencia e necesidade social” (artigo 21.2.b).

Ao amparo desta competencia, o Concello da Coruña aprobou a ordenanza municipal de emerxencia social de 15 de xaneiro de 2008, para facer fronte a situacións inaprazables, na que se creou unha prestación non periódica “destinada a sufragar gastos específicos de carácter extraordinario, necesarios para previr, evitar ou paliar” este tipo de situacións (artigo 2).

Nesta ocasión, a nova ordenanza pretende completar o marco de acción municipal de atención inmediata, cunha norma que permita facer fronte, desde a máxima proximidade e sen tardanza, a situacións de necesidade social. E faise nesta ocasión a través dunha prestación económica periódica, na que o elemento determinante é a necesidade, que pon a quen a sofre en situación ou risco de exclusión social (artigo 4.1 da ordenanza).

Ambas as ordenanzas teñen como fundamento último a dignidade da persoa e a esixencia, elevada ao máximo rango en recoñecidos documentos internacionais, de lles garantir a todas as persoas os recursos suficientes para vivir conforme á dignidade humana. Pero se a axuda de emerxencia cumpre a súa finalidade coa asignación de recursos económicos para paliar situacións de urxencia social (de aí a súa natureza de prestación económica non periódica), a renda social municipal

ten como finalidade “modificar as situacións de necesidade como apoio a procesos de inclusión” (artigo 2.4), o cal require da periodicidade que esixe o establecemento dun itinerario de inclusión activa (artigos 9 e seguintes da ordenanza).

#### IV.

A ordenanza contén trinta e seis artigos dispostos en tres títulos, nos que se determinan o obxecto da ordenanza (artigo 1), a natureza e o fundamento da renda social municipal (artigo 2), o prazo de duración (artigo 3); as persoas beneficiarias e destinatarias da renda (artigos 4 a 8); a vinculación da renda social municipal co itinerario de inclusión activa (artigos 9 a 12); os requisitos para obter a condición de persoa beneficiaria e destinatarias, as súas obrigas e o réxime de incompatibilidades (artigos 13 a 15); os criterios de concesión (artigo 16); a contía (artigos 17 a 19); o procedemento de concesión (artigos 20 a 30); a revisión e suspensión cautelar do pago da renda (artigo 31) e a súa extinción (artigo 32); a xestión orzamentaria (artigos 33 e 34); e o pago da renda social municipal (artigos 35 e 36). A regulación contida na ordenanza complétase con dúas disposicións adicionais e tres finais.

### TITULO I

#### Disposicións Xerais

#### CAPITULO I

##### Do obxecto desta ordenanza

##### Artigo 1. *Obxecto*

A presente ordenanza ten por obxecto a regulación da renda social municipal como prestación económica dirixida a garantir recursos económicos de subsistencia para a cobertura de necesidades básicas da veciñanza do Concello da Coruña, en exercicio da competencia municipal propia, nos termos da lexislación do Estado e da Comunidade Autónoma de Galicia, para a atención inmediata a persoas en situación ou risco de exclusión social recoñecida aos municipios no artigo 25.2.e) da Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases do réxime local.

#### CAPITULO II

##### Da natureza, o fundamento e o prazo da renda social municipal

##### Artigo 2. *Natureza e fundamento da renda social municipal*

1. A renda social municipal configúrase como unha prestación económica destinada a paliar as situacións de necesidade social da carteira de servizos sociais de inclusión, orientada a garantir a cobertura das necesidades básicas dos veciños e veciñas da Coruña.

2. A renda social municipal pretende dar resposta ás situacións de vulnerabilidade ou exclusión social de carácter temporal e outórgase como apoio aos procesos de inclusión coa finalidade de lograr a mellora persoal e social da persoa beneficiaria e da súa unidade de convivencia.

3. Son necesidades básicas para os efectos desta ordenanza as relacionadas coa alimentación diaria, vestiario, transporte e os coidados básicos persoais e da vivenda, sempre que estea situada dentro do termo municipal da Coruña; así como os gastos de aloxamento ou alugueiro da vivenda, nos que se comprenden as cotas de préstamo hipotecario e o pago de habitación en vivenda compartida ou outro tipo de aloxamento residencial colectivo, sempre que estea situado dentro do termo municipal da Coruña.

4. A renda social municipal ten carácter subsidiario da renda de inclusión social de Galicia (RISGA), ou prestación autonómica que a substitúa, e complementario de todo tipo de recursos e prestacións de contido económico previstos na lexislación vixente de contía inferior ás establecidas para a renda social municipal.

##### Artigo 3. *Prazo*

1. A renda social municipal percibirase por un prazo máximo de seis meses, contados a partir da súa concesión.

2. Este prazo poderá ser prorrogado cando se manteñan as condicións polas que se concedeu a renda social municipal, ata un máximo de dezaioito meses, logo do previo informe do/a traballador/a social, mediante a correspondente resolución expresa que deberá estar motivada.

3. O recoñecemento da renda social municipal non poderá exceder a anualidade ou exercicio orzamentario daquel en que se conceda.

Porén, ao comezo de cada exercicio económico, o órgano municipal competente poderá autorizar expresamente, segundo a existencia de crédito no orzamento do exercicio, a continuidade da renda social concedida polas mensualidades que resten ata acadar o límite máximo de seis meses. Neste caso, requirirase o informe previo do/a traballador/a social acreditativo de que continúan inalterables as mesmas circunstancias, de feito e de dereito, da persoa beneficiaria e das destinatarias concorrentes no momento da súa concesión.

### CAPÍTULO III

#### Das persoas beneficiarias, destinatarias e unidades de convivencia

##### Artigo 4. *Persoas beneficiarias*

1. Poderán ser beneficiarias da renda social municipal aquelas persoas que estean nunha situación ou risco de exclusión social, con dificultades para a cobertura das necesidades básicas, sempre que reúnan os requisitos establecidos nesta ordenanza.

2. Será beneficiaria a persoa a nome de quen se tramita e concede a renda social municipal.

##### Artigo 5. *Persoas destinatarias*

Terán a consideración de persoas destinatarias da renda social municipal as persoas que formen parte da mesma unidade de convivencia que a persoa beneficiaria.

##### Artigo 6. *Unidade de convivencia*

1. Para os efectos desta ordenanza, conforman a unidade de convivencia as persoas beneficiarias que vivan soas ou o conxunto de persoas que convivan no mesmo domicilio e estean vinculadas coa beneficiaria por matrimonio ou calquera outra forma de relación análoga, por adopción ou acollemento, ou por parentesco de consanguinidade ou afinidade ata o cuarto e segundo grao respectivamente.

2. A muller xestante computará como dous membros da unidade de convivencia, tras a previa certificación médica que acredite o embarazo no momento de presentar a solicitude.

3. A unidade de convivencia non perderá esta condición cando, por causa de forza maior, enfermidade grave, accidente ou desafiuzamento, se vexa obrigada a compartir domicilio con outra, tras o previo informe do/a traballador/a social municipal xustificativo das circunstancias descritas.

##### Artigo 7. *Concurrencia de persoas beneficiarias*

1. Como regra xeral concederase unha soa renda social municipal por domicilio, entendido este como o marco físico de aloxamento da unidade de convivencia da que forma parte a persoa beneficiaria.

2. No caso de que nunha mesma unidade de convivencia existisen varias persoas que puidesen ter a condición de persoa beneficiaria, só se lle poderá outorgar a renda social a unha delas. En tal caso, a renda social concederase a quen propoñan os servizos sociais municipais, en función do correspondente diagnóstico social. En condicións equiparables, aplicarase o criterio de outorgamento preferente ás mulleres, sen prexuízo de que o traballo social e educativo, así como os obxectivos de inserción laboral que se establezan, poidan implicar aos demais membros da unidade de convivencia.

##### Artigo 8. *Aloxamentos compartidos*

No caso de que nun mesmo domicilio convivan dúas ou máis unidades de convivencia e se valorase a necesidade de acceso a vivendas independentes, o número máximo de rendas sociais municipais que se poderán percibir será de dúas.

### CAPÍTULO IV

#### Da vinculación da renda social municipal co itinerario de inclusión activa

##### Artigo 9. *Itinerario de inclusión activa*

1. O recoñecemento do dereito á percepción da renda social municipal está vinculado a que previamente se estableza coa persoa solicitante e, se é o caso, coas persoas integrantes da unidade de convivencia da que formen parte un itinerario de inclusión activa orientado ao logro da mellora persoal e social, así como á súa autonomía, participación e integración normalizada no seu medio social.

2. En xeral, o itinerario de inclusión activa poderá incluír, en función do diagnóstico social levado a cabo polo/a traballador/a social municipal de referencia, calquera actuación que se considere necesaria para a inclusión social e laboral da persoa solicitante e das persoas integrantes da unidade de convivencia da que forme parte.

#### Artigo 10. *Persoas en situación de desemprego*

Cando a persoa beneficiaria e/ou persoas integrantes da súa unidade de convivencia estean en situación de desemprego, o itinerario de inclusión activa recollerá accións dirixidas á capacitación laboral, mellora da empregabilidade, desempeño de actividades socialmente útiles e calquera outra que, en función do diagnóstico social levado a cabo polo/a traballador/a social municipal de referencia, se considere necesaria en relación co seu proceso de inclusión social e laboral.

#### Artigo 11. *Persoas en situación de exclusión residencial*

1. Cando as persoas beneficiarias estean en situación de exclusión residencial, a renda social municipal quedará vinculada ao establecemento dun itinerario de inclusión activa que deberá comprender necesariamente accións dirixidas ao acceso a unha vivenda, servizo residencial ou outra fórmula alternativa de residencia.

2. Sempre que se cumpran os requisitos establecidos regulamentariamente, a persoa beneficiaria deberase inscribir como demandante de vivenda ou das axudas que para ese efecto establece a Xunta de Galicia e, de ser o caso, o Concello da Coruña.

#### Artigo 12. *Intervención con obxectivos de carácter persoal e outros*

Cando os obxectivos da intervención teñan un carácter persoal ou familiar, deberá comprender necesariamente accións dirixidas á administración económica, a xestión do aforro, así como á adquisición ou mellora de habilidades e competencias sociais básicas. Así mesmo, en función do diagnóstico social, poderanse incluír accións orientadas á formación académica, á organización da vida cotiá, á regularización administrativa e ao seguimento de tratamentos específicos, adquisición de hábitos de coidado propio e redución de riscos.

### CAPÍTULO V

#### **Dos requisitos para obter a condición de persoa beneficiaria e destinataria, das súas obrigacións e do réxime de incompatibilidades**

#### Artigo 13. *Requisitos*

1. Poderán ser beneficiarias da renda social municipal, nas condicións previstas na presente ordenanza, aquelas persoas que, estando en situación ou risco de exclusión social valorado polos/as traballadores/as sociais municipais, no momento de presentar a solicitude reúnan os seguintes requisitos:

1º) Non ter dereito a percibir a Renda de Inclusión Social de Galicia (RISGA), ou prestación autonómica que a substitúa, ou a outras axudas e prestacións de carácter público e natureza similar. Non cumprarán este requisito as persoas que renuncien á percepción ou perdan o dereito á mesma por razóns imputables a elas mesmas.

2º) Estar empadroadada e ter residencia efectiva no Concello da Coruña, cunha antigüidade mínima de seis meses inmediatamente anteriores á data de presentación da solicitude.

Exceptúase do requisito de antigüidade de empadramento a:

a) Vítimas de violencia de xénero que cambien o seu domicilio por motivos de seguridade.

b) Persoas emigrantes galegas, nos termos sinalados no artigo 3 do Estatuto de autonomía de Galicia, cando fixen a súa residencia no Concello da Coruña.

c) Persoas que teñan recoñecida a condición de persoa refuxiada polo organismo competente da Administración Xeral do Estado, ou cuxa solicitude de asilo teña sido admitida a trámite ou, sen admitirse, teñan autorizada a súa permanencia en España por razóns humanitarias ou de interese social, no marco da lexislación reguladora dos dereitos e liberdades das persoas extranxeiras en España e a súa integración social.

3º) Ter cumpridos 18 anos. Exceptúase deste límite de idade ás persoas que, estando legalmente emancipadas, se atopen nalgunha das seguintes situacións:

b) Que teñan economicamente ao seu cargo outras persoas menores de idade ou persoas maiores de idade con discapacidade ou con cualificación de dependentes.

c) Que sexan orfas de pai e nai sen dereito a prestación.

4º) Ter idade menor da mínima establecida para poder solicitar unha pensión non contributiva de xubilación; excepto aquelas persoas que non reúnan os requisitos para acceder a ela.

5º) Ter constituída unha unidade de convivencia independente.

6º) Presentar dificultades para a cobertura das necesidades básicas por non dispoñer de recursos económicos suficientes.

Para determinar se a unidade de convivencia dispón de recursos económicos suficientes porase a súa capacidade económica en relación co indicador público de renda de efectos múltiples (IPREM) anual. A estes efectos, entenderase que dispoñen de recursos económicos suficientes as unidades de convivencia integradadas por un membro que teñan unha capacidade económica igual ou superior ao 100% IPREM. Esta porcentaxe incrementarase en 20 puntos porcentuais por cada membro adicional da unidade de convivencia.

En ningún caso poderán solicitar a renda social municipal as unidades de convivencia que teñan unha capacidade económica superior ao 200% do IPREM.

A estes efectos entenderanse como recursos económicos dos que dispón a unidade de convivencia os seguintes:

a) Ingresos. Terán esta consideración o total de ingresos que perciban ou que se prevexa poidan chegar a percibir no momento da presentación da solicitude as persoas que integren a unidade de convivencia en concepto de rendementos do traballo ou actividades económicas tales como retribucións, rendas, prestacións, subvencións, axudas, subsidios, prestacións de pago único ou por calquera outro concepto, as cantidades percibidas en concepto de rendementos do capital mobiliario e inmobiliario, alugueiros ou similares, así como rendementos do patrimonio.

b) Bens patrimoniais, depósitos bancarios e contas correntes ou de aforro. Terán a consideración de bens patrimoniais os bens mobles ou inmoables sobre os cales se posúa un dereito de propiedade, posesión, usufruto ou calquera outro de análoga natureza, con excepción da vivenda habitual destinada ao seu uso.

7º) Que non existan persoas legalmente obrigadas e con posibilidade real de prestarlles alimentos de acordo coa lexislación civil. Poderase eximir deste requisito, despois do informe previo do/a traballador/a social municipal, cando se prevexa que a obriga de prestar alimentos non se poida facer efectiva por malos tratos ou relacións familiares deterioradas ou inexistentes. Así mesmo, e co informe previo do/a traballador/a social municipal xustificativo, considerarase que non teñen a obriga de prestaren alimentos as persoas con parentesco que, en atención ás circunstancias socioeconómicas concorrentes, non poidan facer fronte ou atender as necesidades básicas da unidade familiar solicitante sen desatender as propias necesidades ou as de familiares ao seu cargo.

8º) Exercitar as accións pertinentes para a cobranza de calquera crédito, axuda, subvención, pensión ou renda de calquera clase que lle puidese corresponder á persoa solicitante ou a calquera membro da unidade de convivencia.

9º) Comprometerse a participar no itinerario de inclusión activa deseñado polo/a traballador/a social municipal co obxectivo de resolver a situación de vulnerabilidade que dá orixe á solicitude da renda social municipal. A aceptación e o cumprimento das accións contidas no itinerario de inclusión activa por parte da persoa beneficiaria e dos integrantes da unidade de convivencia serán condición necesaria para a percepción e o mantemento da renda social municipal.

2. As persoas que teñan sido receptoras da renda social municipal e teñan esgotado o período de dezaioito meses establecido no artigo 3, poderán realizar unha nova solicitude sempre e cando contén cun informe social emitido por unha traballadora ou traballador social dos servizos sociais municipais, que acredite o seu compromiso co itinerario de inclusión activa que tiveran establecido así como a necesidade de continuar percibindo á renda social municipal para o logro dos seus obxectivos.

#### Artigo 14. *Obrigas das persoas beneficiarias e destinatarias*

Son obrigas das persoas beneficiarias e destinatarias da renda social municipal as seguintes:

1ª) Participar nas accións ou actividades que se valoren tecnicamente de acordo co diagnóstico social previo e estipulado no itinerario de inclusión activa.

2ª) Administrar responsablemente os recursos disponibles en beneficio da mellora das condicións de vida da unidade de convivencia.

3ª) Escolarizar ás persoas menores de idade da unidade de convivencia que estean en etapas de escolarización obrigatoria e poñer os medios necesarios para a súa asistencia efectiva ao centro educativo.

4ª) Non practicar a mendicidade nin permitir ou forzar a súa práctica a outros compoñentes da unidade de convivencia.

5ª) No caso de persoas desempregadas, manterse, tanto a persoa beneficiaria como as destinatarias en idade laboral, dispoñibles para o emprego salvo:

a) Persoas afectadas por unha invalidez absoluta ou persoas en situación de dependencia recoñecida pola Administración autonómica.

b) Persoas que, segundo o informe do/a traballador/a social municipal ou dos servizos de emprego, non estean en condicións de incorporarse ao mercado laboral.

A dispoñibilidade para o emprego, cando sexa esixible, incluírá o compromiso de permanecer inscritas ininterrompidamente no Servizo Público de Emprego, de non rexeitar un emprego adecuado e de non darse de baixa voluntaria, nin definitiva nin temporalmente, do emprego.

6ª) Manterse tanto a persoa beneficiaria como as destinatarias maiores de idade dispoñibles para o desempeño de actividades socialmente útiles de acordo co seu itinerario de inclusión activa.

7ª) Comunicarlles aos servizos sociais municipais os feitos sobrevidos en relación co cumprimento dos requisitos, e en particular os seguintes:

a) Calquera cambio relativo ao domicilio e residencia habitual (empadramento ou residencia efectiva) da persoa beneficiaria e das destinatarias.

b) Acceso a un emprego, prestación pública ou axuda por parte da persoa beneficiaria e das destinatarias.

c) Modificación dos recursos económicos ou patrimoniais da persoa beneficiaria e das destinatarias que servisen de base para o cálculo da renda social municipal concedida.

d) Calquera modificación que lle afecte á composición da unidade de convivencia con incidencia na percepción da renda.

e) Calquera outra situación que puidese implicar a perda temporal ou definitiva dos requisitos esixidos para a concesión da renda social municipal.

As comunicacións recollidas no apartado anterior deberanse facer no prazo de dez días naturais contados a partir do momento en que acaecesen o feitos sobrevidos dos que se trate, por calquera medio que permita ter constancia dos devanditos extremos ao/á traballador/a social municipal.

8ª) Exercitar calquera dereito económico que lle puidese corresponder á persoa beneficiaria ou ás persoas da súa unidade de convivencia, segundo a lexislación vixente.

9ª) Comparecer nos servizos sociais municipais e colaborar co Concello, someténdose ás actuacións de comprobación pertinentes, así como facilitar a información necesaria que lle sexa requirida polos servizos sociais municipais nos seguimentos periódicos que se establezan no itinerario de inclusión activa.

#### Artigo 15. *Réxime de incompatibilidades*

1. A renda social municipal é incompatible coa renda de inclusión social de Galicia (RISGA), conforme á normativa autonómica reguladora desta prestación.

2. A renda social municipal será incompatible coas pensións non contributivas e con calquera outra prestación ou pensión de contía igual ou superior á das devanditas pensións.

3. Calquera outro ingreso, así como as pensións e prestacións de importe inferior ao da pensión non contributiva percibidas pola persoa solicitante da renda social municipal, non impedirán o acceso a esta, pero descontaranse do seu importe de conformidade co establecido nesta ordenanza.

4. Os ingresos, pensións ou prestacións percibidas por outras persoas integrantes da unidade de convivencia distintas da beneficiaria serán compatibles e deducibles do importe da renda social municipal.

5. As axudas de emerxencia social do Concello serán incompatibles coa percepción da renda social municipal desde a data da concesión desta.

## CAPÍTULO VI

### Dos criterios de concesión e contía

#### Artigo 16. *Criterios de concesión*

A avaliación polos/as traballadores/as sociais municipais das solicitudes da renda social municipal efectuarase conforme aos seguintes criterios:

1. O déficit grave de recursos económicos e a situación de desemprego da persoa solicitante e/ou das persoas que forman parte da unidade de convivencia que constituía causa de exclusión ou risco de exclusión social.

2. A adecuación do outorgamento da renda social municipal e da execución do itinerario de inclusión activa, de acordo co diagnóstico social previo, ao obxectivo de alcanzar a inserción social e/ou laboral da persoa solicitante e/ou das persoas destinatarias da unidade de convivencia da que forma parte.

3. A posibilidade real do cumprimento pola persoa beneficiaria e as destinatarias dos preceptos desta ordenanza.

#### Artigo 17. *Contía*

1. A contía máxima da renda social municipal será do 100% do IPREM para unidades de convivencia constituídas por un único membro, e aumentarase a referida contía en 20 puntos porcentuais por cada membro adicional da unidade de convivencia, ata o límite do 200% do IPREM.

2. A renda social municipal estará constituída pola diferenza entre a contía máxima que lle correspondería á unidade de convivencia e a cantidade establecida como capacidade económica da unidade de convivencia en aplicación dos criterios establecidos no artigo 13.1.6°.

#### Artigo 18. *Modificación da contía*

Procederase á modificación da contía da renda social municipal concedida cando se produza variación do número de persoas da unidade de convivencia ou dos recursos que servisen de base para o seu cálculo ou cando se produza unha modificación á alza do IPREM.

#### Artigo 19. *Límite orzamentario*

A renda social municipal terá como límite a correspondente dotación prevista no orzamento Municipal.

## TÍTULO II

### Concesión, revisión, suspensión e extinción da renda social municipal

#### CAPÍTULO I

##### Do inicio do procedemento

#### Artigo 20. *Solicitud*

1. As persoas interesadas deberán presentar unha solicitude de renda social municipal, segundo o modelo normalizado de solicitude que se habilitará ao efecto, no rexistro do Concello ou en calquera rexistro dos regulados na normativa reguladora do procedemento administrativo común.

2. Coa solicitude deberase presentar unha declaración responsable do cumprimento dos requisitos esixidos para acceder á renda social municipal, así como a documentación acreditativa esixida no artigo seguinte.

3. En cada exercicio económico, o Concello publicará na súa sede electrónica a apertura do prazo para a presentación de solicitudes, que permanecerá aberto durante todos os meses do ano, salvo resolución do órgano municipal competente.

4. Os servizos sociais municipais orientarán e informarán as persoas interesadas en todo o referente aos trámites e á documentación da solicitude.

#### Artigo 21. *Documentación*

Coa solicitude deberase presentar a seguinte documentación:

1º) Unha fotocopia do DNI, NIF, NIE ou pasaporte da persoa solicitante e de todos os membros da unidade de convivencia que o posúan.

2º) Unha fotocopia do libro de familia, de ser o caso.

3º) En caso de separación, divorcio, nulidade matrimonial ou cancelación da unión de feito:

a) Unha copia da sentenza, convenio regulador ou, no caso de ruptura da unión de feito, o certificado do rexistro correspondente acreditativo da cancelación da inscrición da unión.

b) Os xustificantes das achegas económicas establecidas na sentenza e convenio regulador ou, na súa falta, denuncia por incumprimento de sentenza ou demanda de execución.

4º) No caso de persoas emigrantes retornadas que fixasen a súa residencia no Concello da Coruña, unha copia cotexada da baixa consular e acreditación documental da súa residencia no Concello da Coruña.

5º) No caso de ser vítima de violencia de xénero, a acreditación da súa situación nos termos sinalados polo artigo 5 da Lei 11/2007, de 27 de xullo, galega para a prevención e o tratamento integral da violencia de xénero.

6º) No caso de persoas refuxiadas, a acreditación de ter recoñecida a dita condición polo organismo competente da Administración xeral do Estado, ou no caso de non dispoñer deste recoñecemento, a autorización de permanencia en España por razóns humanitarias ou de interese social.



7º) O certificado de discapacidade no caso de que a persoa solicitante ou calquera das persoas integrantes da unidade de convivencia teñan recoñecida a condición de persoa con discapacidade.

8º) No caso de persoas menores de 18 anos orfos de pai e nai sen dereito a prestación, os documentos acreditativos desta situación.

9º) Unha copia da resolución denegatoria da RISGA, ou prestación autonómica que a substitúa, de ser o caso.

10º) Unha declaración responsable na que se faga constar se durante o ano en curso se solicitaron e/ou percibiron outras subvencións ou prestacións de calquera Administración pública ou entidade pública ou privada e, se é o caso, a súa contía e orixe.

11º) A documentación acreditativa das necesidades básicas da unidade de convivencia para cuxa cobertura se solicita a renda social municipal. No caso de residir en vivenda propia con préstamo hipotecario, achegarase a copia do documento soporte do préstamo hipotecario (escritura notarial ou documento bancario) e o xustificante da última cota do préstamo hipotecario, de ser o caso.

12º) O certificado de titularidade de vehículos de tracción mecánica expedido pola Dirección Xeral de Tráfico relativo a todas as persoas integrantes da unidade de convivencia.

13º) A xustificación documental acreditativa da titularidade de bens mobles ou inmoables.

14º) A acreditación dos ingresos de todas as persoas integrantes da unidade de convivencia, incluíndo retribucións, rendas, prestacións, axudas, subsidios ou calquera outro ingreso.

15º) A declaración responsable de non percibir outros ingresos que os declarados nin de posuír outros bens ou dereitos distintos dos aportados coa solicitude.

16º) O extracto de movementos de todas as contas bancarias de todas as persoas que integran a unidade de convivencia correspondente aos doce meses inmediatamente anteriores á data de presentación da solicitude.

17º) En caso de residir nunha vivenda alugada, unha copia do contrato de arrendamento en vigor, que non poderá ser de duración inferior a 6 meses, e o último recibo do alugueiro, de ser o caso.

18º) En caso de residir nun establecemento hostaleiro, pensión ou casa particular en réxime de pensión, a copia cotexada da factura correspondente.

19º) A autorización para a consulta de datos que consten en ficheiros automatizados de calquera Administración pública, relativos á persoa solicitante e ao resto das persoas integrantes da unidade de convivencia, no modelo que se determine debidamente cuberto e asinado.

20º) Calquera outra documentación que se considere necesaria para acreditar que a persoa solicitante se encontra en situación ou risco de exclusión social, con dificultades para a cobertura das necesidades básicas, e que reúne os requisitos establecidos nesta ordenanza para a obtención da renda social municipal.

#### Artigo 22. *Emenda de solicitude*

Unha vez recibida a solicitude, no caso de que non reunise os requisitos esixidos ou faltase calquera documento preceptivo que deba achegar a persoa solicitante, esta será requirida para que, nun prazo de dez días, achegue os documentos requiridos ou emende a falta, cos efectos sinalados no art. 71.1 da Lei 30/1992, de 26 de novembro, de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común.

## CAPÍTULO II

### Da instrución e tramitación do procedemento

#### Artigo 23. *Competencia*

A concellería responsable da Área de Servizos Sociais do Concello será o órgano competente para a instrución do procedemento, e recaerá este no persoal da área que se designe para o efecto, que deberá verificar o cumprimento desta ordenanza.

#### Artigo 24. *Informes*

1. Admitida a trámite a solicitude, un/unha traballador/a social municipal procederá ao seu estudo, para os efectos de emitir un informe que se pronunciará, polo menos, sobre os seguintes extremos:

a) A verificación do cumprimento dos requisitos de acceso por parte da persoa solicitante.

b) A comprobación de que se solicitaron e se fixeron valer integramente pola persoa solicitante os recursos e prestacións sociais de contido económico aos que puidese ter dereito calquera dos membros da unidade de convivencia.

c) A valoración da situación ou risco de exclusión social (diagnóstico social).

d) A idoneidade da renda social municipal para acadar os obxectivos de inclusión social e/ou laboral previstos nesta ordenanza, incluíndo unha proposta de itinerario de inclusión activa.

e) A modalidade de pago da renda.

2. Considerarase que se fixeron valer integramente os recursos e prestacións aos que se refire a letra b) do apartado anterior nos seguintes supostos:

a) Nos casos relacionados coa orde xurisdiccional social, unha vez que se emitíu a correspondente resolución xudicial ou, na súa falta, que se presentou a solicitude, o requirimento ou a denuncia na debida forma.

b) Nos demais casos, unha vez que se presentou a solicitude, o requirimento ou a denuncia na debida forma, sempre que non se desistise ou renunciase, salvo circunstancias extraordinarias así recoñecidas polos servizos sociais municipais.

No caso de que a persoa solicitante ou os membros da súa unidade de convivencia fosen acredores de dereitos de carácter económico que non se fixeron valer, incluso o dereito de alimentos naqueles casos nos que se constate o cesamento efectivo da convivencia conxugal, instarase a persoa solicitante para que, con carácter previo á finalización do expediente, faga valer os seus dereitos de conformidade co establecido na lexislación vixente.

3. O Concello poderalles solicitar os datos e informes que sexan necesarios a outras institucións ou entidades públicas e privadas, así como a información complementaria á persoa solicitante para comprobar os datos alegados e verificar o cumprimento dos requisitos establecidos nesta ordenanza, con carácter previo á concesión da renda social municipal.

#### Artigo 25. *Proposta de resolución provisional*

1. Recibido o informe pola persoa designada como instrutora do procedemento, formulará a proposta de resolución provisional debidamente motivada. No caso de ser estimatoria da solicitude de renda social municipal, incluírá o itinerario de inclusión activa, a duración da axuda, o importe máximo mensual para percibir a persoa interesada e a modalidade de pagamento.

2. A proposta de resolución provisional deberalles ser notificada ás persoas interesadas e concederáselles un prazo de dez días para formular alegacións ou achegar a documentación que estimen procedente en defensa dos seus intereses.

#### Artigo 26. *Proposta de resolución definitiva*

Examinadas as alegacións, se as houbese, enviaráselle a proposta de resolución definitiva ao órgano que teña atribuída a competencia para resolver, logo da fiscalización da Intervención Xeral Municipal nos termos establecidos no artigo 34 desta ordenanza.

### CAPÍTULO III

#### Da finalización do procedemento

##### Artigo 27. *Resolución*

1. A resolución da concesión da renda social municipal correspóndelle ao órgano que teña atribuída a competencia polas normas reguladoras da Administración local para comprometer o gasto, e deberá conter como mínimo os seguintes extremos:

a) A contía mensual da renda.

b) O límite temporal da concesión, diferenciando entre o prazo temporal do exercicio orzamentario e o prazo do seguinte exercicio cuxa continuidade quedará condicionada ao cumprimento de disposto no artigo 3.3 desta ordenanza.

c) A modalidade de pago da renda.

2. A resolución notificaráselles ás persoas interesadas no prazo máximo de 2 meses que se contarán desde que a solicitude tivese entrada no rexistro do órgano competente para a súa tramitación. Transcorrido o devandito prazo sen que se ditase e notificase a resolución expresa, a persoa solicitante poderá entender desestimada a súa solicitude.

3. Outorgada a renda social municipal, terá efectos económicos desde o día un do mes seguinte ao da recepción da notificación pola persoa interesada.

4. Contra a resolución, que pon fin á vía administrativa, poderase interpoñer un recurso potestativo de reposición, no prazo dun mes, ou, se é o caso, directamente un recurso contencioso-administrativo, no prazo de dous meses, ambos os prazos contados a partir do día seguinte á notificación da resolución ou do día seguinte ao de produción dos efectos do silencio desestimatorio.

#### Artigo 28. *Motivos de denegación*

1. O órgano que posúe as competencias para resolver sobre a concesión da renda social municipal poderá denegar a concesión da renda polos seguintes motivos:

- a) Non reunir os requisitos establecidos nesta ordenanza.
- b) Falsear ou non permitir verificar a situación económica e social da unidade de convivencia.
- c) Non existir consignación orzamentaria suficiente.

2. Denegada a renda social municipal por non existir consignación orzamentaria suficiente, poderá ditarse unha resolución estimatoria, sen necesidade de nova convocatoria ou procedemento, no suposto de que se producisen extincións das rendas outorgadas a outras persoas interesadas, cando se aumente a dotación orzamentaria por calquera causa ou cando se inicie un novo exercicio orzamentario e exista crédito axeitado. Nestes casos, requirirase un informe previo do/a traballador/a social municipal acreditativo de que continúan inalterables as mesmas circunstancias, de feito e de dereito, da persoa beneficiaria e das destinatarias concorrentes no momento de ser informada favorablemente a concesión da renda social municipal.

#### Artigo 29. *Desistimiento e renuncia*

1. A persoa solicitante da renda social municipal poderá desistir da súa solicitude mediante un escrito dirixido ao Concello. Recibido o desistimento, resolverase e notificaráselle á persoa interesada o arquivo da solicitude.

2. A persoa beneficiaria poderá renunciar á renda social municipal recoñecida mediante escrito dirixido ao Concello. O órgano que teña atribuída a competencia para a concesión ditará a resolución e notificaralle a súa extinción á persoa interesada.

#### Artigo 30. *Revisións e comprobacións periódicas*

1. A persoa beneficiaria estará obrigada a presentar cada tres meses unha declaración responsable de que non se modificaron as circunstancias de feito e de dereito que motivaron a concesión da renda social.

2. O Concello da Coruña, a través da Concillería de Xustiza Social e Coidados, realizará as revisións e comprobacións periódicas que estime oportunas para comprobar se se manteñen as causas que motivaron a concesión da renda social. Así mesmo poderalles requirir ás persoas beneficiarias que presenten a documentación que resulte necesaria para os efectos de comprobar o cumprimento dos requisitos esixidos na presente ordenanza.

### CAPÍTULO IV

#### Da revisión, suspensión e extinción da renda social municipal

##### Artigo 31. *Revisión e suspensión cautelar do pago da renda social municipal*

1. Cando existan elementos de xuízo suficientes e debidamente motivados en informe social do/a traballador/a social municipal que permitan deducir que a persoa beneficiaria da renda social municipal perdeu os requisitos que determinaron a súa concesión ou que mudaron as circunstancias determinantes dela, o órgano concedente iniciará o procedemento de revisión.

2. Poderase acordar a suspensión cautelar do pago da renda durante o tempo imprescindible, que non poderá exceder de dous meses, ata a resolución do procedemento de revisión.

3. Realizadas as comprobacións oportunas, e logo da audiencia previa da persoa beneficiaria, resolverase motivadamente sobre o mantemento, a modificación ou extinción da renda social municipal. No suposto de que proceda unha modificación da contía da renda, a resolución producirá efectos a partir do día un do mes seguinte ao da recepción da súa notificación pola persoa interesada, sen prexuízo da compensación que proceda no caso de que se teñan producido percepcións indebidas.

4. De terse detectada unha incapacidade da persoa beneficiaria para xestionar a renda social municipal concedida coa modalidade de pago directo, a resolución de modificación consistirá, cando menos, no establecemento do sistema de pago a acredores, nos termos recollidos no artigo 35.3 desta ordenanza.

##### Artigo 32. *Extinción da renda social municipal*

1. Son causas de extinción da renda social municipal as seguintes:

- a) O falecemento da persoa beneficiaria.

Cando conste un informe do/a traballador/a social municipal favorable ao mantemento da renda social municipal en favor da unidade de convivencia, iniciárase un procedemento de revisión da renda social municipal para adecuar a axuda ás novas circunstancias, designándose para o efecto unha persoa beneficiaria entre os membros da unidade de convivencia.

b) Cambio de residencia ou empadramento fóra do Concello da Coruña da persoa beneficiaria.

Poderase manter a renda social municipal en favor da unidade de convivencia cando así o informe o/a traballador/a social municipal, logo da previa tramitación dun procedemento de revisión dela para adecuar as condicións de desfrute ás novas circunstancias, con designación dun/ha membro da unidade de convivencia en calidade de persoa beneficiaria.

c) A finalización do prazo establecido na resolución de concesión.

d) A desaparición das causas ou perda dalgún requisito de acceso esixido nesta ordenanza.

e) A percepción da RISGA ou prestación pública polo mesmo concepto por parte da persoa beneficiaria ou das persoas da súa unidade de convivencia, de conformidade co réxime de incompatibilidades previsto nesta ordenanza.

f) A renuncia da persoa beneficiaria a seguir participando no itinerario de inclusión activa.

g) A falsidade ou ocultación de datos declarados pola persoa beneficiaria ou das persoas da súa unidade de convivencia.

h) O incumprimento pola persoa beneficiaria ou por calquera das persoas integrantes da unidade de convivencia das obrigas esixidas nesta ordenanza.

2. A declaración de extinción da renda social municipal requirirá os mesmos trámites sinalados no artigo anterior para a súa revisión.

3. No suposto de incumprimento, poderá ser apercibida á persoa beneficiaria con carácter previo á resolución de extinción, dando un prazo para o cumprimento. Para os ditos efectos, terase en conta, atendendo ao tipo e grao de incumprimento, a existencia de intencionalidade, a reiteración e a reincidencia.

4. A resolución de extinción deberase motivar con indicación da causa ou causas concorrentes e producirá efectos a partir do día un do mes seguinte ao da recepción da notificación da resolución pola persoa interesada.

5. No caso de que a persoa beneficiaria teña percibidas cantidades indebidas, deberaas reintegrar, tras a previa tramitación do correspondente procedemento de reintegro.

6. A resolución de extinción pon fin á vía administrativa e contra ela poderase interpoñer un recurso potestativo de reposición, no prazo dun mes, ou, de ser o caso, directamente un recurso contencioso-administrativo, no prazo de dous meses, ambos os prazos contados a partir do día seguinte á notificación da resolución ou do día seguinte ao de produción dos efectos do silencio desestimatorio.

7. A resolución de extinción deberá contemplar as medidas necesarias para evitar a desprotección das persoas menores, dependentes ou vítimas de violencia de xénero que forman parte da unidade de convivencia.

### TÍTULO III

#### Xestión orzamentaria e pago da renda social municipal

#### CAPÍTULO I

##### Do procedemento de xestión orzamentaria

###### Artigo 33. *Aprobación do gasto total anual*

1. O Pleno da Corporación determinará no correspondente orzamento municipal a contía anual máxima destinada á renda social municipal e os créditos orzamentarios aos que se imputará, e non se poderán conceder rendas por importe superior á contía total máxima existente en cada momento, salvo a oportuna e previa modificación orzamentaria.

2. En caso de insuficiencia do crédito consignado para afrontar o gasto das rendas que reúnan todos os requisitos establecidos nesta ordenanza, a Corporación Municipal impulsará os procedementos oportunos para a modificación do orzamento municipal, dentro dos límites establecidos polos principios de estabilidade orzamentaria e sostenibilidade financeira.

###### Artigo 34. *Fiscalización previa da concesión*

O control pola Intervención Xeral Municipal da renda social municipal exercerase respecto das persoas interesadas propostas como beneficiarias e terá como obxecto verificar a súa adecuada e correcta obtención.

Para os ditos efectos, a proposta de resolución definitiva de cada renda social será sometida á fiscalización previa da Intervención Xeral de conformidade coas normas que lle sexan de aplicación, e deberá o centro xestor realizar un movemento contable de retención ou similar que garanta a existencia de crédito para a cobertura do gasto das rendas sociais concedidas.

## CAPÍTULO II

### Do pago da renda social municipal

#### Artigo 35. *Pago*

1. A ordenación do pago da renda social municipal farase efectiva nos termos previstos na correspondente resolución de concesión.

2. O pago realizaráselle directamente á persoa beneficiaria, sen necesidade de garantía ningunha.

3. Excepcionalmente, e cando conste no expediente de concesión da renda social municipal o informe do/a traballador/a social municipal que propoña a modalidade de pago directo polo Concello aos acredores en atención ás circunstancias da persoa beneficiaria ou a súa unidade de convivencia, o pago será realizado periodicamente polo Concello aos acredores dos bens ou servizos prestados ou para lle prestar á persoa beneficiaria que consten no expediente, ou á entidade ou entidades colaboradoras do Concello coas que este teña suscrito un convenio para a provisión e prestación de bens e produtos de alimentación, hixiene, roupa e calzado mediante sistema de vales, bonos canxeables, tarxetas ou outro sistema similar.

4. Os servizos sociais municipais poderán requirir a documentación que se considere necesaria para acreditar o cumprimento das esixencias desta ordenanza e as obrigas da persoa beneficiaria respecto da Administración responsable dos recursos en beneficio da mellora das condicións de vida da unidade de convivencia.

A esixencia de xustificación para os efectos do gasto público resultará cumprimentada, tendo en conta a natureza de prestación da renda e que se concede polas situacións persoais das persoas beneficiarias, a través dun informe dos/as traballadores/as sociais municipais que declare motivadamente o cumprimento do fin da renda, debendo custodiar os citados traballadores/as os documentos e antecedentes que, no seu caso, fundamenten o informe xustificativo. Este informe servirá de xustificación para os efectos da corrección da xustificación formal e material da conta xustificativa que, de ser o caso, se forme da xestión dos pagos das rendas a través do sistema de caixa fixa, sen prexuízo de posteriores comprobacións que poidan realizarse.

5. Todos os pagos faranse por transferencia bancaria, mediante o sistema de anticipo de caixa fixa.

#### Artigo 36. *Inembargabilidade*

A renda social municipal é inembargable, en virtude do disposto no artigo 4 do Real Decreto-Lei 9/2015, do 10 de xullo, de medidas urxentes para reducir a carga tributaria soportada polos contribuíntes do Imposto sobre a renda das persoas físicas e outras medidas de carácter económico.

## DISPOSICIÓNS ADICIONAIS

### Primeira. *Exención para os efectos do imposto sobre a renda das persoas físicas*

A renda social municipal ten a natureza de axuda municipal para atender a colectivos en risco de exclusión social para os efectos do previsto no artigo 7 da Lei 35/2006, do 28 de novembro, do imposto da renda das persoas físicas.

### Segunda. *Consello Sectorial de Inclusión Social*

1. No prazo de dous meses a partir da entrada en vigor desta ordenanza constituirase un Consello Sectorial de Inclusión Social, no marco do previsto no artigo 2.3 do Regulamento orgánico de participación cidadá da Coruña.

2. A composición, funcións e normas deste Consello Sectorial serán determinadas no decreto correspondente.

## DISPOSICIÓNS FINAIS

### Primeira. *Normativa de aplicación*

Ao non previsto nesta ordenanza será de aplicación o disposto na Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases do réxime local, a Lei 13/2008, de 3 de decembro, de servizos sociais de Galicia, e a súa normativa de desenvolvemento.

### Segunda. *Habilitación*

A Alcaldía-Presidencia, ou concelleira/o en quen delegue, é o órgano municipal facultado para ditar as instrucións que resulten necesarias para a adecuada interpretación, desenvolvemento e aplicación desta ordenanza.

Terceira. *Entrada en vigor*

A presente ordenanza entrará en vigor aos quince días da publicación no Boletín Oficial da Provincia do acordo de aprobación definitiva, así como do seu contido íntegro.

A Coruña, a 22 de agosto de 2016

Tenente de alcalde responsable da Área de Xustiza Social e Coidados

Silvia Cameán Calvete

---

2016/7013